



RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A PUBLICACIÓN DOS RESULTADOS DEFINITIVOS DE APTOS E NON APTOS NAS PROBAS DO CELGA 2

Nº expediente: ED114A

De acordo co previsto no artigo 10 da Resolución do 11 de xullo de 2016, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se convocan as probas para a obtención dos certificados de lingua galega, no ano 2016 (DOG núm. 155 do 18 de agosto de 2016),

RESOLVO:

Publicar os resultados definitivos das probas para a obtención do Certificado de Lingua Galega 2 (Celga 2).

Para facilitar a súa localización publícanse por orde alfabética de apelidos.

Segundo o establecido no artigo 11.3 da devandita Resolución, as persoas interesadas poderán interpor, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da publicación, un recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, segundo o previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, de 1 de outubro de 2015).

ANEXO: listaxes por localidade.

Os certificados daquelas persoas que resultasen aptas enviaranse de oficio ao enderezo que figura na solicitude de inscrición das probas, unha vez que se publiquen os resultados definitivos de aptos e non aptos.

Mediante este documento notificaselle aos interesados o contido desta resolución, segundo o esixido no artigo 45 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, mencionada anteriormente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2017

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez